

CURSO 2021-2022

C.P.I. PLURILINGÜE CERNADAS DE CASTRO

ÁREA: LINGUAS ESTRANXEIRAS (INGLÉS)

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .	003
PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.	007
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.	008
RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.	011
CONCRECIÓN POR ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E CURSOS. OBXECTIVOS E CONTIDOS DESENVOLVIDOS, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .	015
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.	297
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.	299
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.	301
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.	304
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	310
DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.	313
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL.	316
CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO.	318
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO.	319
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	319
PROXECTO LINGÜÍSTICO. INFORMACIÓN AO ALUMNADO.	322
ANEXOS.	325

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as particularidades do currículo desenvolvido para a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no *Marco común europeo de referencia para as linguas*, son claves significativas que quedan reflectidas no noso proxecto.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e ós valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa da Educación Secundaria.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE, centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística, e facendo especial énfase nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola LOMCE. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada

alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Así mesmo preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións, impulsando actitudes positivas cara ó idioma e á cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ó novo e á creatividade, participando de maneira activa e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Pola súa parte, o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

O marco legal de referencia para a presente programación didáctica é o seguinte:

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación(LOE).

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE).

Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundariaobrigatoria e do bacharelato.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde ECD 65/2015 do 21 de xaneiro, na que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria e do bacharelato.

Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.

As Competencias Clave Integradas

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o *carácter combinado* da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que *sabe*, debe demostrar que *sabe aplicalo*, pero ademais que *sabe ser e estar*. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares -obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

DEPARTAMENTO DE LINGUA INGLESA. DISTRIBUCIÓN DE GRUPOS.

1 Domingo López Caamaño	Profesor de Ensino Secundario Un grupo de primeiro de ESO. Un grupo de cuarto de ESO.
2 Bernardo José Campos Hermo	Profesor de Ensino Secundario Un grupo de primeiro de ESO. Dous grupos de segundo de ESO. Dous grupos de terceiro de ESO.

DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO

Curso	Nº de grupos
1º ESO	2
2º ESO	2
3º ESO	2
4º ESO	1

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A maioría do alumnos que cursan ESO no CPI Plurilingüe Cernadas de Castro proceden do medio rural –distintos lugares das parroquias de Tállara, Aldeagrande, Fruíme, Vilacoba, Lesende e San Xusto. Esta situación xeográfico-social ten a súa repercusión en aspectos socioculturais e lingüísticos, o que se pon de manifesto, ademais, en variadas respostas actitudinais dos propios alumnos e alumnas.

Só unha pequena parte do alumnado ten un contexto familiar con estudos superiores e con estudos medios. Aínda que as expectativas dos pais respecto do futuro profesional dos fillos pasa por apoialos para a realización de estudos medios non todos os rapaces van poder recibir no seu fogar a mesma atención educadora nin van poder contar cos mesmos recursos de apoio para o seu traballo formativo diario.

CONTEXTO

A elaboración da programación didáctica para a ESO no noso centro nace condicionada pola análise sociolingüística que se realizou para a elaboración do noso PEC. Terase en conta o traballo ata o de agora desenvolvido na educación primaria e, á hora de programar o segundo ciclo, terase en conta o traballo desenvolvido no primeiro ciclo o curso anterior. Para iso faremos avaliacións iniciais en todos os cursos, de xeito que se fagan as adaptacións do currículo o máis axeitadas posible á realidade física, humana e académica dos mozos/as do centro.

Polo demais, teremos en conta outros aspectos importantes que esixen a atención á diversidade, como a presenza de alumnos con necesidades educativas especiais, claros desniveis formativos en cuestións básicas como a lectura, ou a comprensión, a presenza de alumnos repetidores...

Con base nestes datos, a programación didáctica fomentará unha actitude de sensibilización e achegamento sen medos e sen complexos cara ao inglés e procurará un desenvolvemento cuantitativo e cualitativo de aprecio por esta lingua. Non só traballaremos as actitudes positivas para o noso idioma desde a área de lingua inglesa, senón que dende o propio centro educativo, a través do PEC e do PLC, se planificará un traballo lingüístico que, como mínimo, desenvolva na práctica o Decreto 79/2010, do plurilingüismo no ensino non universitario (DOG de 20/5/2010).

CENTRO PLURILINGÜE

Neste centro impártense áreas ou materias non lingüísticas, cun máximo dun terzo do horario lectivo, e dirixido a todo o alumnado do nivel educativo obxecto do programa plurilingüe.

A oferta educativa deste centro plurilingüe abrangue as asignaturas de Xadrez en 1º de ESO, Música en 2º de ESO, Bioloxía en 3º de ESO e Xeografía en 4º de ESO.

A elaboración da memoria da sección preséntase nun documento separado ao final do curso, complementada polos profesores que a compoñen e coordinados polo xefe de departamento de lingua inglesa.

DISTRIBUCIÓN DE ALUMNOS NO PROGRAMA PLURILINGÜE

A regulación da disposición dos alumnos nos centros plurilingües do ven dada pola orde de 12 de Maio de 2011, que regula o seu funcionamento dentro dos centros de ensino secundario. O desenvolvemento do programa será levada a cabo polo seu coordinador, dentro do departamento de inglés, consultadas a dirección e o departamento de orientación do centro.

A titulación correspondente á etapa (ESO), abrangerá o desenvolvemento dos cursos correspondentes (4), con todas as materias da autorizadas no noso centro.

A admisión do alumnado en centros plurilingües realizarase de acordo coa normativa vixente para tal fin na Comunidade Autónoma de Galicia. Durante o proceso de admisión do alumnado, todos os centros plurilingües sostidos con fondos públicos exporán, no seu taboleiro de anuncios e en todos os sistemas de información pública de que dispoñan, información sobre o carácter plurilingüe do centro, os obxectivos e o alcance desta condición, así como sobre as medidas de apoio establecidas para facilitar a incorporación do alumnado ao programa plurilingüe.

O alumnado participante no programa recibirá, ao remate de cada etapa, certificación da dirección do centro de que realizou nun centro plurilingüe os estudos correspondentes, con indicación da etapa e a lingua estranxeira. Farase constar ademais mediante dilixencia no historial académico do alumno e no informe individualizado no caso de traslado a outro centro. (Puntos 1 e 2, Artigo 12, Sección 4.ª, orde de 12 de Maio de 2011)

PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.

Este documento recolle a programación pensada para un curso de ensino presencial, mais as circunstancias actuais de pandemia de COVID-19 obrigan a pensar nunha metodoloxía de traballo alternativa por se houbese que confinarse ou estar en corentena.

No caso de que todo o alumnado deba seguir o curso a distancia, faranse explicacións, tarefas e probas a través da aula virtual, aínda que tamén se terá como referencia o libro de texto co que traballamos. Neste caso intentarase seguir a mesma secuenciación de contidos que se levará a cabo no ensino presencial.

Cando só sexa algún alumno puntual o que deba permanecer sen acudir ao centro por ser positivo en coronavirus ou ser contacto estreito dun positivo, a comunicación para que realice o mesmo traballo que os seus compañeiros na aula será a través do correo persoal dese alumno/a asociado á aula virtual.

Para isto, nas primeiras semanas de curso todos os grupos recibirán información sobre esta circunstancia e sobre como acceder aos cursos das diferentes materias.

De detectar en calquera momento do curso que algún dos alumnos nesta situación de ensino non presencial non puidese seguir a ensinanza telemática, poñeríase esta situación en coñecemento da dirección do centro para buscar o xeito de solucionar o caso coa implicación da familia afectada.

Todo o traballo que se realice no caso de ensino a distancia será tido en conta para a nota da avaliación correspondente.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento á aprendizaxe dos contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as *competencias clave*. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no tocante ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción e baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polos alumnos (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ó longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata

nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precise en cada intre (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de *aprender a aprender*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade OBRIGATORIA para enfrontarse ós retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Senso de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Isto é o que entendemos por cada unha desas competencias de forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas proporciona á formación persoal e intelectual do alumno o seguinte:

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ó desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma

parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

- **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

- **Competencias sociais e cívicas**

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

▪ **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

No **Anexo I** deste documento incluímos un modelo denominado *Rúbrica de Avaliación de competencias* para cada unidade e para o curso completo que nos permite avaliar o grao de adquisición das competencias clave indicando o **nivel de cualificación** que vai adquirindo o alumno.

Na **rúbrica** indícase cada unha das competencias clave seguidas da súa especificación en **indicadores**. No modelo correspondente a cada unidade inclúense unicamente as competencias e os indicadores que se desenvolveron concretamente nesa unidade; en cambio, no modelo proposto para a avaliación xeral inclúense tódalas competencias e tódolos seus indicadores. Á hora de avaliar coas rúbricas, recoméndase cualificar, en primeiro lugar, cada un dos indicadores ou aqueles nos que se centrou o profesor, obtendo deste xeito unha visión global da competencia para avaliala seguidamente.

No proceso de avaliación identificamos cinco niveis de cualificación, e para o seu rexistro aconsellamos a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: Insuficiente (IN): Non conseguido; Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos; Ben (BI): Conseguido con nivel medio; Notable (NT): conseguido con nivel alto, e Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente. Estes **criterios de cualificación** deben aplicarse tendo en conta os criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira.

Para poder avaliar ós alumnos, o profesorado precisa unha serie de **instrumentos** que lle permitan obter uns datos concretos. No modelo propoñemos os instrumentos que cremos máis indicados para a obtención destes datos, como poden ser: observación, proba escrita, proba oral, caderno de clase, portfolio. O profesor poderá modificar a modelo substituíndo ou incluíndo outros instrumentos empregados.

Os **indicadores** nos que se especifican as Competencias Clave, que incluímos na modelo, e que nos permiten demostrar a competencia real do alumno para esta materia e este curso son os que indicamos a continuación:

1. Competencia en comunicación lingüística (CL)

Indicadores
CL1.1. Recoñece e lembra as palabras clave dunha exposición oral dun tema específico coñecido.
CL1.2. Comprende a idea xeral de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala despacio e con claridade.
CL1.3. Comprende a información específica máis relevante de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala despacio e con claridade.
CL2.1. Reproduce a pronunciación, ritmo e acentuación da lingua estranxeira.
CL2.2. Produce un discurso comprensible e axeitado á intención de comunicación.
CL2.3. Produce textos cohesionados e coherentes.
CL3.1. Reproduce as fórmulas habituais e culturais que se empregan na comunicación interpersonal na aula.
CL3.2. Comunícase oralmente participando en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente.
CL3.3. Interactúa oralmente na lingua estranxeira co profesorado ou cos compañeiros sobre temas de

interese persoal e tarefas da clase.

CL4.1. Recoñece a idea xeral de textos escritos axeitados á idade, co apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.

CL4.2. Extrae información específica de textos escritos axeitados á idade, co apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.

CL4.3. Le textos de certa extensión axeitados á súa idade, intereses e nivel de competencia coa axuda de dicionarios.

CL5.1. Escribe palabras respectando as regras de ortografía.

CL5.2. Escribe frases coa orde sintagmática correcta.

CL5.3. Redacta textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico axeitados, así como algúns elementos básicos de cohesión, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.

2. Competencia matemática, científica e tecnolóxica (CMCT)

CMCT1. Coñece, utiliza e relaciona os números na lingua estranxeira.

CMCT2. Obtén información de forma empírica.

CMCT3. Resolve encrucillados, crebacabezas ou soupas de letras.

CMCT4. Mostra interese por coñecer algúns elementos culturais ou xeográficos.

3. Competencia dixital (CD)

CD1. Obtén información relevante na Internet ou noutros soportes sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados.

CD2. Usa de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación.

4. Aprender a aprender (AA)

AA1. Utiliza o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de aprendizaxe.

AA2. Aplica os coñecementos do sistema lingüístico específicos da lingua estranxeira (fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais) para que as producións de textos orais sexan correctas.

AA3. Identifica e xestiona algunhas estratexias utilizadas e materiais ofrecidos polo libro de texto para progresar na aprendizaxe.

5. Competencias sociais e cívicas (SC)

SC1. Demostra interese por outras culturas.

SC2. Relaciona a cultura da lingua estranxeira coa súa propia.

SC3. Acepta e practica as normas de convivencia establecidas.

SC4. Traballa en parellas e grupos aceptando o seu papel neses agrupamentos.

6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)

SIEE1. Utiliza o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección das producións propias e para comprender mellos as alleas.

SIEE2. Utiliza procesos de autoavaliación.

SIEE3. Utiliza as estratexias para facilitar a continuidade da comunicación.

SIEE4. Comunícase oralmente participando en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente.

7. Conciencia e expresións culturais (CEC)

CEC1. Identifica algúns elementos culturais propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira.

CEC2. Demostra valores de iniciativa, creatividade e imaxinación.

CEC3. Aprecia, goza e participa nas actividades relacionadas coas biografías de personaxes famosos e interesantes para a súa idade.

CONCRECIÓN POR ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE AVALIABLES E CURSOS. OBJETIVOS E CONTENIDOS DESARROLLADOS, TEMPORALIZACIÓN, GRADO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR LA MATERIA E PROCEDIMIENTOS E INSTRUMENTOS DE EVALUACIÓN .

1º ESO

OBJETIVOS

▪ Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: **Families:** *aunt, brother, cousin, dad, daughter, father, grandfather, grandmother, husband, mother, mum, parents, sister, son, uncle, wife.* **Parts of a house:** *balcony, bathroom, bedroom, dining room, door, garden, kitchen, lift, living room, stairs, swimming pool, toilet, window.* **Pets:** *bird, cat, dog, fish, rabbit, snake.* **Dates:** ordinal numbers: *first, second, third, fourth, fifth, sixth, seventh, eighth, ninth, tenth, eleventh, twelfth, thirteenth, fourteenth, fifteenth, sixteenth, seventeenth, eighteenth, nineteenth, twentieth, twenty-first, twenty-second, thirtieth; the twelfth of December, two thousand and three, the twenty-third of February, nineteen seventy-five.* Family words, *was / were born*, Numbers, Years, Telephone numbers and email.

Estructuras sintáctico-discursivas: Present simple: *be* (affirmative, negative, questions and short answers). *There is / there are + a, an, some and any* (affirmative and negative).

▪ Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: **Free time activities:** *chat online, go shopping, go swimming, go to the cinema, hang out with friends, listen to music, play an instrument, play computer games, play/sing in a band, play sport, read books, watch TV.* **Adjectives:** *boring, exciting, fun, interesting, scary.* **Festivals:** *blossom, boat, costume, fireworks, harvest.* **Seasons:** *spring, summer, autumn, winter.*

Estructuras sintáctico-discursivas: Present simple: affirmative, negative, questions and short answers.

▪ Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: **School:** *canteen, changing room, coach, hall, head teacher, ICT room, library, playground, playing fields, science lab, sports hall, staffroom.* **Sports:** *athletics, basketball, cycling, football, gymnastics, handball, hockey, ice skating, judo, running, skiing, swimming, tennis, weightlifting.* **After-school clubs:** *fashion design, ice hockey, music, street dance, taekwondo, technology*

Estructuras sintáctico-discursivas: *Adverbs of frequency. Ver + -ing / noun.*

▪ Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: **Adjectives:** *boring, cheap, dangerous, difficult, easy, exciting, expensive, fast, high, long, low, noisy, quiet, safe, scary, short, slow.* **Weather:** *cloudy, cold, dry, foggy, hot, icy, snowing, stormy, sunny, warm, wet, windy.* **Transport:** *aeroplane, boat, bus, cable car, canoe, helicopter, motorbike, train, tram.*

Estructuras sintáctico-discursivas: Comparative adjectives. Superlative adjectives

▪ Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: **Action verbs:** *carry, climb, dive, draw, fly, hold, jump, make, practise, sail.* **Adventure equipment:** *backpack, compass, first aid kit,*

guidebook, insect repellent, map, sleeping bag, sunscreen, tent, torch. Music and musical instruments: classical, hip-hop, jazz, pop, reggae, cello, double bass, drums, electric guitar, flute, piano, saxophone, trumpet, violin.

Estruturas sintáctico-discursivas: Present continuous: *affirmative, negative, questions, short answers and wh-questions*. Present continuous vs present simple.

▪ Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: **Food:** *apples, beans, beef, cheese, chicken, chilli sauce, milk, mushrooms, oil, onions, potatoes, rice, salmon, salt and pepper, spices, sugar. Everyday objects:* *battery, cap, chewing gum, chocolate, hair gel, key ring, magazines, mobile phone case, sweets, water. Adjectives:* *beautiful, boring, creative, funny, horrible, imaginative, magical, original, scary.*

Estruturas sintáctico-discursivas: *can/can't* for permission and ability; *must/mustn't* for obligation and prohibition; *some / any / a lot of / much / many* with countable and uncountable nouns.

▪ Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: **Clothes:** *boots, cap, coat, dress, hat, jacket, jeans, jumper, sandals, shirt, shoes, shorts, skirt, socks, trainers, trousers, T-shirt. Appearance:* *bald, blond, brown, curly, dark, green, grey, long, medium-height, medium-length, short, straight, tall, wavy, white. Space travel:* *boots, breathe, gloves, helmet, in orbit, land, space station, spacesuit, take off, uniform.*

Estruturas sintáctico-discursivas: Past simple: *be* (affirmative, negative, questions and short answers). *There was / there were* (affirmative and negative). Past simple: regular verbs

▪ **Geographical features:** *beach, cave, coral reef, desert, forest, island, lake, mountain, ocean, river, valley, waterfall. Places in a town:* *bakery, bank, chemist's, cinema, library, newsagent's, petrol station, post office, shopping centre, sports centre, sweet shop, train station. History:* *AD, BC, century, conquer, ruins, site.*

Estruturas sintáctico-discursivas: Past simple: regular and irregular verbs (affirmative, negative, questions and short answers).

▪ Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: **Technology:** *camera, e-book, games console, keyboard, mouse, smart phone, speakers, tablet, text message, touch screen, webcam, Wi-Fi. Types of film:* *action, animated, comedy, documentary, drama, fantasy, historical, horror, musical, romantic, science fiction, western. Entertainment:* *audience, audition, author, novel, perform, title.*

Estruturas sintáctico-discursivas: Future: *will* (affirmative, questions and short answers), *won't* (negative and short answers). Future: *be going to* (affirmative, negative, questions and short answers).

CONTIDOS

No Anexo II deste documento incluímos unha plantilla denominada *Rúbrica de Avaliación de contidos e competencias clave integradas* para cada unidade que nos permite avaliar o nivel que adquiriu o alumno. A continuación incluímos unha táboa de consulta cos distintos niveis de adquisición para cada un dos estándares de aprendizaxe de cada bloque lingüístico:

Bloque 1. Comprensión de textos orais

NIVELES DE ADQUISICIÓN			
En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
PLEB1.1. Noncomprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.	PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.	PLEB1.1. Comprende sen dificultade frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de maneira pausada e ben articulada.	PLEB1.1. Comprende sempre adecuadamente frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de maneira pausada e ben articulada.
PLEB1.2. Noncapta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	PLEB1.2. Capta sen dificultade os puntos principais e os detalles relevantes de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	PLEB1.2. Capta sempre adecuadamente os puntos principais e os detalles relevantes de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.
PLEB1.3. Nondistingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.	PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez..	PLEB1.3. Distingue sen dificultade, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea aprendendo ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez..	PLEB1.3. Distingue sempre adecuadamente, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea aprendendo o do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.
PLEB1.4. Nonidentifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.	PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.	PLEB1.4. Identifica sen dificultade o sentido xeral e os puntos principais dunha conversación informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.	PLEB1.4. Identifica sempre adecuadamente o sentido general e os puntos principais dunha conversación informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, o procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridad, a velocidade baixa.
PLEB1.5. Noncomprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con	PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con	PLEB1.5. Comprende sen dificultade, nunha conversación informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu	PLEB1.5. Comprende sempre adecuadamente, nunha conversación informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do

NIVELES DE ADQUISICIÓN			
En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.	claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.	interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.	seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.
PLEB1.6. Non identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	PLEB1.6. Identifica sen dificultade a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	PLEB1.6. Identifica sempre adecuadamente a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.

Bloque 2. Producción de textos orais

NIVELES DE ADQUISICIÓN			
En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
PLEB2.1. Na maioría das actividades da aula non mostra unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recurrir a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula mostra unha actitude moi positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recurrir a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula mostra sempre adecuadamente unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recurrir a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.
PLEB2.2. Con moita dificultade fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.	PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.	PLEB2.2. Faisen presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.	PLEB2.2. Fai sempre adecuadamente presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.
PLEB2.3. Desenvólvese con moita dificultade en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e	PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e	PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e	PLEB2.3. Desenvólvese sempre adecuadamente e sen dificultade en xestións e transaccións cotidianas

obten información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	obten información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	obten información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).
PLEB2.4. Non establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	PLEB2.4. Establece contacto social sen dificultade en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	PLEB2.4. Establece sempre adecuadamente contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.
PLEB2.5. Participa con moita dificultade en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	PLEB2.5. Participa sen dificultade en conversacións informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	PLEB2.5. Participa sempre adecuadamente en conversacións informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.
PLEB2.6. Non colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	PLEB2.6. Colabora sen dificultade coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	PLEB2.6. Colabora sempre adecuadamente coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.

Identificación de problemas, erros e repeticións.

Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.

Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación

Uso das normas básicas de ortografía da palabra.

Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.

Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.

Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.

Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.

Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.

Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.

Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.

Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.

Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.

Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e cuidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións).

Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".

***Estruturas sintáctico-discursivas do inglés incluídas:**

- Relacións temporais (*the moment (she left); while*).
- Afirmación (*affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so*).
- Exclamación (*What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; How + Adv. + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!, You don't say!, That's terrible!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, no (Noun, e. g. no chance), nobody, nothing; negative tags; me neither*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; Are you alright;? tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect; past perfect*); presente (*simple and continuous present*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots/plenty (of). Degree: e. g. absolutely; a (little) bit*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a

eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Os alumnos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no *Class Book*. Están explicadas no *Teacher's Book* e poden ser de grande utilidade para a tarefa diaria do profesor.

A aprendizaxe dos alumnos é maior e de máis calidade se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corrixiranse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento

determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrixir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe; no noso proxecto existe un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiabíbeis para cada unidade, que permiten ó profesor anotar as observacións referentes ó progreso de cada alumno. Tal e como está concibido, o profesor pode adaptalo doadamente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirille para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cais as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cais o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Dispónse dos seguintes recursos materiais e dixitais:

Material práctico para ser utilizado coa lousa dixital interactiva ou o portátil e o proxector. Inclúe o libro completo do alumno e o libro de actividades coa versión interactiva das solucións, o audio e extras: *extra practice worksheets* de vocabulario e gramática, *skills preparation tasks*, *grammar reference*, vídeos, documentais e os xogos interactivos

O libro de texto. O alumno dispón do Student's Book cunha unidade introdutoria, nove unidades e páxinas intercurriculares. Tamén dispón do *Workbook*, con páxinas de actividades e práctica adicional para cada unidade do libro do alumno.

O profesor dispón da Guía didáctica (*Teacher's Guide*), con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxestións para actividades para capacidades de distinto grado, anotacións culturais, a versión solucionada das actividades do alumno, transcripcións das audicións, referencias ás Competencias clave e *Tests and Resources Multi-ROM* con *worksheets* para a práctica adicional de vocabulario e gramática para reforzar e estender o contido das *worksheets* das unidades principais, material para a avaliación, as audicións e solucións para tódalas *worksheets*. Os CDs de audio con tódalas audicións, os *listening tests* e o material para a pronunciación.

E por último, os recursos na web para os alumnos con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula; os recursos na web o profesor con todo o material online, e os libros dixitais dispoñibles para uso adicional.

Os recursos multimedia integran por completo o uso das TIC na aula, permitindo ós profesores adaptar as mellores solucións dixitais de acordo ó alumnado ou ó centro no que se desenvolve o ensino.

As aulas do centro dispoñen de ordenador persoal acompañado de pizarra dixital e cañón retroproyector, así como conexión a internet para cada aula.

MATERIAL CURRICULAR:

1º CURSO ESO:

- Libro de texto: Spectrum 1. Editorial Oxford (Libro de texto e libro de exercicios)
- Libro de lectura: O profesor/a recomendará varios títulos a escoller segundo o nivel dos alumnos/as
- Diccionario recomendado: Oxford Pocket Dictionary.

2º CURSO ESO:

- Libro de texto: Way to English 2. Editorial Burlington (Libro de texto e libro de exercicios)
- Libro de lectura: O profesor/a recomendará varios títulos a escoller segundo o nivel dos alumnos/as
- Diccionario recomendado: Oxford Pocket Dictionary.

3º CURSO ESO:

- Libro de texto: Spectrum 3. Editorial Oxford (Libro de texto e libro de exercicios)
- Libro de lectura: O profesor/a recomendará varios títulos a escoller segundo o nivel dos alumnos/as
- Diccionario recomendado: Oxford Pocket Dictionary.

4º CURSO ESO:

- Libro de texto: Way to English 4. Editorial Burlington (Libro de texto e libro de exercicios)
- Libro de lectura: O profesor/a recomendará varios títulos a escoller segundo o nivel dos alumnos/as
- Diccionario recomendado: Oxford Pocket Dictionary.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o éxito dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das disciplinas dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos nesta programación, de acordo co real decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- Continua, xa que cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, axiña que se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo
- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.
- Integradora, debendo terse en conta desde todas e cada unha das materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de maneira diferenciada a avaliación da materia de inglés, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis específicos da mesma.

O alumnado será promovido ao curso seguinte cando supere os obxectivos das materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirá curso con avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, de forma simultánea.

Co fin de facilitarlle ao alumnado a recuperación das materias con avaliación negativa, organizaranse probas extraordinarias en cada un dos cursos.

O alumno/a poderá repetir o mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa.

É necesario levar a cabo varios tipos de avaliación: individual, formativa, sumativa, autoavaliación, etc.

A avaliación individual permite investigar os coñecementos de inglés que teñen os alumnos/as. Faise un exame de diagnóstico ao comezo do curso e utilízanse as follas de autoavaliación para seguir o progreso de cada un deles no idioma, o modo en que aprendeu, a súa experiencia anterior, etc.

A avaliación dos coñecementos previos pódese realizar antes de comezar as unidades, pedíndolle ao alumnado que adiviñe de que trata cada unha, a partir do título e das imaxes, e mirando os obxectivos detallados ao principio de cada unidade, aos que se poden remitir cando vaian repasar para un exame.

Tamén se debe avaliar o progreso dos alumnos/as nun período de tempo, é dicir, facer unha avaliación formativa. Se un alumno/a que ten un nivel baixo ve como progresa e que o seu esforzo é tido en conta a pesar de non chegar ao aprobado, sentirase máis motivado para continuar traballando e tratar de conseguilo. Isto faise aínda máis patente na clases heteroxéneas onde os alumnos/as de máis baixo nivel sempre obteñen

notas baixas, especialmente se son comparados constantemente con alumnos/as máis avantaxados. Se a nota final inclúe un compoñente de progreso, será un factor especialmente motivador.

As ferramentas de avaliación formativa poden ser as tarefas, a participación, o comportamento e a actitude en xeral, o traballo colaborativo, en parellas e en grupos, o caderno e o progreso nas destrezas de listening, speaking, reading e writing.

Tamén podemos utilizar os exames de cada unidade (incluídos no Teacher's All-in-One Pack) para observar como progresan entre unha unidade e a seguinte e tamén para avaliar a súa actitude cara á lingua. Sempre se debe dicir canto e de que modo vai contar nas súas notas cada criterio de avaliación.

A autoavaliación é un bo modo de que o alumno/a sexa consciente, tanto do seu progreso coma das súas carencias ou necesidades, contribuíndo así a desenvolver a súa autonomía e a responsabilidade da súa aprendizaxe. Nos Workbook hai exercicios para que poña en práctica as destrezas de escritura (sección Writing), para que traduza da súa propia lingua ao inglés e para que teña a oportunidade de avaliar o seu progreso. Así mesmo, no Student's Book hai unha sección ao final de cada trimestre para que os alumnos/as practiquen o vocabulario e a gramática aprendidos nas unidades anteriores. Tamén é aconsellable que se autoavalíen noutros aspectos importantes da súa aprendizaxe, como as actividades de comprensión oral, o seu grao de cumprimento das normas e calquera outro aspecto que se considere importante.

Hoxe en día, téndese cada vez máis a animar ao alumnado a preparar un portfolio do seu traballo, un documento no que se recollen o seu estilo de aprendizaxe, os seus obxectivos para mellorar, as probas dos seus progresos e un rexistro dos seus contactos con falantes nativos, ou os seus intercambios culturais. Con este fin, o noso proxecto tomou como referencia un documento promovido polo Consello de Europa chamado Portfolio Europeo das Linguas, no que os alumnos/as poden rexistrar as súas experiencias de aprendizaxe da lingua e cultura inglesa e reflexionar sobre elas. O marco de referencia europeo proporciona unha base común para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación de linguas en toda Europa e, sobre todo, mellorará a capacidade de autoavaliación do alumnado.

Con alumnos/as desta idade, as follas de avaliación serán planificadas con coidado e discutidas na clase antes de que as cubran, pois deben saber por que e como facelas de forma correcta, é dicir, trátase de que sexan responsábeis e sinceros. Tamén hai que tratar de evitar darlles follas de autoavaliación con excesiva frecuencia, ou que estas sexan demasiado longas, pois senón os alumnos/as cansarán rapidamente.

O seu interese pola autoavaliación decaerá se non lle ven utilidade. É necesario que aprendan a reflexionar e saquen conclusións da súa propia valoración, pero non a realizarán seriamente se o profesor/a non a ten en conta. É este quen ten a última palabra sobre a nota, pero pode pactar con eles unha forma de incluír a súa propia valoración na avaliación global. Se conseguimos que a tomen en serio, a autoavaliación pode ser un elemento crucial

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

CONTROLES ESCRITOS

Realizarase un mínimo de dous probas obxectivas de coñecementos en cada período de avaliación no que se incluírán unha máxima de dúas unidades didácticas. A avaliación dos contidos específicos realízase de xeito continuo, polo que as probas correspondentes a cada avaliación poden conter coñecementos específicos das anteriores, sendo puntuables cos mesmos criterios que os das avaliacións en curso, podendo englobar a última proba a materia específica desenvolvida ao longo de todo o curso. A cualificación das probas escritas comprenderán como mínimo un 65% do global da cualificación de cada unha das avaliacións. A nota mínima necesaria para ponderar a nota dos controles escritos cos restantes é de 3,5 puntos sobre 10.

TRABALLO NA AULA

Considerarase traballo no aula todas aquelas actividades complementarias que designe o profesor ao longo do curso con cualificacións suplementarias. Dentro delas figuran:

- O caderno ou libreta de clase
- Composicións ou redaccións
- Probas ocasionais realizadas sen previo aviso
- Observación directa da labor desenvolvida no aula
- Actitude ante o profesor e os demais compañeiros
- Exposición oral de temas xerais ou concretos
- Comportamento xeral dentro do aula

No primeiro ciclo da ESO:

- 20% da cualificación obtida por *speaking, homework and general attitude*
- 10% da cualificación obtida por *listening exercises*
- 10% da cualificación obtida por proba específica de *writing*
- 60% da cualificación obtida por probas específicas que inclúan *grammar, vocabulary and exercises*.

No segundo ciclo da ESO:

- 20% da cualificación obtida por *speaking, homework and general attitude*
- 10% da cualificación obtida por *listening exercises*
- 10% da cualificación obtida por proba específica de *writing*
- 60% da cualificación obtida por probas específicas que inclúan *grammar, vocabulary and exercises*.

Os alumnos realizarán un mínimo de dúas probas globais, ao longo do período de avaliación, cos estándares de aprendizaxe avaliábeis correspondentes. As probas pódense puntuar do 1 o 10, ou ben en porcentaxes de 0 a 100.

Os alumnos deberán proceder á lectura dunha obra en lingua inglesa adaptada ao seu nivel. A proba que se realice sobre esta lectura se puntuará como un control escrito específico englobado dentro do apartado de writing. En ningún caso a nota obtida na proba de lectura será eliminativa no caso de ter superado as probas específicas. O seu traballo servirá para incrementar, de modo optativo, a puntuación global acadada na ponderación dos outros apartados.

PROMOCIÓN DO ALUMNADO

O alumnado deberá acadar na calificación final de Xuño un 50% da puntuación das diversas probas que avalian os estándares de aprendizaxe. De modo excepcional, o profesor/a pode considerar as cualificacións que superen o 45% da puntuación xeral, se concorren circunstancias que beneficien a promoción do alumno/a.

O alumno que non acade a puntuación global terá unha proba excepcional en Setembro, donde precisa acadar o 45% da devandita puntuación.

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O xefe de departamento, en coordinación co resto dos membros co forman, falará nas diferentes reunións do avance e mellora dos alumnos pendentes ao longo do ano. Intentarase facer un seguimento individualizado sobre ditos alumnos co fin de axudarlles a conquistar recuperar os estándares de aprendizaxe pendentes.

De acordo coa resolución dos membros do departamento, ós alumnos coa materia pendente faráselle un seguimento anual e teráse en conta o seu rendemento no curso en vigor para considerarlle aprobada a materia suspensa do curso anterior. O departamento facilitará contidos e material para que ditos alumnos estean a preparar a proba ao longo do curso.

Os alumnos de E.S.O., acorde co disposto polo decreto do Diario Oficial de Galicia de data 22 de Outubro de 2004, realizarán unha proba global de coñecementos durante o mes de Maio, con todos os estándares de aprendizaxe da materia. É preciso acadar un 45% de puntuación nos devanditos estándares. En caso de non superala ou non superar o curso inmediatamente posterior, realizarían unha segunda proba durante o mes de Setembro.

OBXECTIVOS MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE

1º ESO

- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:

Families, pets, parts of a house, dates, months, phone numbers and emails

Use of the simple present (affirmative, negative, questions and short answers)

There is / there are + a, an, some and any (affirmative and negative).

- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:
Free time activities and seasons : *spring, summer, autumn, winter.*
- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:
School, sports and technology
Estruturas sintáctico-discursivas: *Adverbs of frequency. Ver + -ing / noun.*
- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:
Weather. Means of transport
Estruturas sintáctico-discursivas: Comparative adjectives. Superlative adjectives
- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:
Action verbs: *carry, climb, dive, draw, fly, hold, jump, make, practise, sail.*
Adventure equipment.
Music and musical instruments.
Estruturas sintáctico-discursivas: Present continuous: *affirmative, negative, questions, short answers and wh-questions.* Present continuous vs present simple.
- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:
Food
Everyday objects
Estruturas sintáctico-discursivas: *can/can't* for permission and ability; *must/mustn't* for obligation and prohibition; *some / any / a lot of / much / many* with countable and uncountable nouns.
- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:
Clothes & appearance
Estruturas sintáctico-discursivas: Past simple: *be* (affirmative, negative, questions and short answers). *There was / there were* (affirmative and negative). Past simple: regular verbs
- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:
Geographical features

Places in a town

Estruturas sintáctico-discursivas: Past simple: regular and irregular verbs(affirmative, negative, questions and short answers).

- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:
Technology , films and entertainment
- Estruturas sintáctico-discursivas: Future: *will* (affirmative, questions and short answers), *won't* (negative and short answers). Future: *be going to* (affirmative, negative, questions and short answers).
- Future: *be going to* (affirmative, negative, questions and short answers).

2º ESO

- Vocabulario sobre adxectivos descritivos, a casa, animais, lugares da cidade e deportes.
- Utilizar correctamente os adxectivos posesivos, os pronomes obxecto, e o xenitivo saxón.
- Utilizar correctamente os verbos **to be** e **have got** en presente.
- Saudar e presentarse.
- Utilizar a linguaxe da clase.
- Aprender vocabulario relacionado co colexio e as actividades de tempo libre.
- Practicar o uso do *Present Continuous* e aprender a diferencialo do *Present Simple*.
- Practicar o uso de **There is/are** e os artigos e cuantificadores: **some, any, a lot, how much....**
- A acentuación das palabras e a terminación *-ing* dos verbos e de *do you*.
- Aprender vocabulario sobre verbos e relacionado con acontecementos da vida.
- Practicar o uso do *Past Simple* e das formas *used to*.
- Falar sobre feitos pasados e novas.
- Escribir unha biografía dun personaxe famoso reparando nos conectores de secuencia.
- Aprender adxectivos e vocabulario relacionado coa xeografía.
- Practicar a estrutura da comparación dos adxectivos e **(not) as ... as, too ... o (not) ... enough**.
- Aprender vocabulario relacionado co tempo atmosférico e a familia.
- escoitar e comprender conversas entre adolescentes que falan do tempo e da súa cidade.
- Realizar unha entrevista sobre deportes e o tempo.

- Escribir un perfil persoal cos datos persoais e actividades, (**and, but, because, or** e **so**)
- Aprender vocabulario sobre o crime e as persoas relacionadas.
- Practicar o uso do *Past Continuous* e o seu contraste co *Past Simple*.
- Escribir un texto narrativo prestando atención aos conectores temporais.
- Aprender verbos relacionados coas experiencias e adxectivos.
- Practicar o uso do *Present Perfect Simple* e de **for / since**.
- Aprender vocabulario relacionado coa nutrición e o estado físico.
- Practicar o uso dos modais (**can, could, must, should**) e repasar os tempos verbais estudados.
- Falar sobre nutrición, comparar estilos de vida e dar consellos.
- Aprender vocabulario relacionado coa moda e os adxectivos.
- Formación e uso do *Reported Speech* en frases afirmativas e negativas.
- Falar sobre cantidades e comprar un regalo nunha tenda.
- Entender e producir anuncios online.
- Escribir un texto que describa a roupa que levan posta reparando na orde correcta dos adxectivos.

3º ESO

- a) Presente do verbo *to be* e de *have got*.
- b) Repasar o *Present Simple* e o *Present Continuous*.
- c) Utilizar correctamente os cuantificadores e determinantes.
- d) Utilizar correctamente o *Past Simple*, o *Past Continuous* e as expresións temporais que os acompañan.
- e) Utilizar correctamente o *Present Perfect Simple* e as expresións temporais que o acompañan.
- f) Contrastar o uso do *Present Perfect Simple* e do *Past Simple*.
- g) Utilizar correctamente os comparativos e os superlativos dos adxectivos.
- h) Utilizar correctamente as estruturas *(not) as ... as, too ... e (not) ... enough*.
- i) Facer comparacións.
- j) Utilizar correctamente o futuro con *will, be going to* e o *Present Continuous*, e as expresións temporais que os acompañan.
- k) Utilizar correctamente o primeiro condicional.

- l) Usar correctamente os modais.
- m) Facer comparacións.
- n) Utilizar correctamente a voz pasiva en presente e en pasado.
- ñ) Utilizar correctamente os adverbios de modo.
- o) Utilizar correctamente os adverbios en grao comparativo e a estrutura as ... as.
 - Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:
 - a) Falar de hábitos.
 - b) Expresar gustos e preferencias.
 - c) Utilizar correctamente a linguaxe para pedir comida
 - d) Falar de rutinas diarias e de actividades habituais.
 - e) Falar sobre normas de vestir e sobre moda.
 - f) Escribir un correo electrónico a un amigo/a que o vai visitar, para contarlle os seus plans, prestando atención ao uso dos adxectivos posesivos e pronomes para evitar a repetición.

4º ESO

- Repasar o vocabulario relacionado cos lugares da cidade, e os adxectivos relacionados coa personalidade, a comida, e o mundo animal.
- Repasar os seguintes puntos gramaticais: contraste entre o *Present Simple* e o *Present Continuous* e entre o *Past Simple* e o *Past Continuous*, os cuantificadores e os determinantes, e a comparación dos adxectivos e os adverbios.
- Aprender o vocabulario relacionado cos deportes de risco e os adxectivos que se utilizan para describir distintas experiencias.
- Utilizar axeitadamente **be going to**, **will**, o *Present Simple* con valor de futuro e o *Future Continuous*.
- escoitar de xeito comprensivo unha conversa sobre un festival de deportes de risco e unha entrevista.
- Aprender o vocabulario relacionado coa realeza, o cine e a televisión.
- Utilizar correctamente os compostos de **some**, **any** e **no**.
- Utilizar correctamente o *Present Perfect Simple*, *Past Simple*, o *Past Perfect Simple* e o **used to**.
- Escribir unha historia prestando atención ao uso dos conectores de secuencia.
- Aprender vocabulario relacionado coas interaccións sociais e a vida na cidade.
- Utilizar axeitadamente o primeiro, segundo e terceiro condicional, o condicional cero e as oracións temporais.

- Expresar gustos e preferencias.
- Aprender vocabulario relacionado coa mercadotecnia e coas compras.
- Utilizar a pasiva en presente, pasado e futuro.
- Falar sobre algo para comprar ou vender.
- Aprender vocabulario relacionado co medio ambiente e a reciclaxe.
- Utilizar correctamente o estilo indirecto e os verbos declarativos.
- Dicir o que dixo outra persoa, falar sobre unha conversa e facer unha enquisa.
- Frases que se utilizan ao chegar a un hotel.
- Identificar e producir os sons /θ/, /ð/, /ʊ/ e /u:/.
- Aprender vocabulario relacionado coas partes do corpo e cos problemas de saúde.
- Utilizar axeitadamente os verbos modais.
- Especular, falar sobre a saúde e sobre imaxes.
- Aprender vocabulario relacionado cos sentidos e os adxectivos descritivos.
- O uso do xerundio e o infinitivo.
- Pedir indicacións no metro.
- Repasar a gramática aprendida: o *Present Perfect Simple*, o *Past Perfect Simple*, o *Future Continuous*, os verbos modais, os infinitivos e xerundios, as oracións de relativo, os condicionais, as oracións temporais, a pasiva e o estilo indirecto.
- Describir ilustracións e dar consellos.

PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS

Realización en cada período de avaliación trimestral das seguintes probas (cunha operiodicidade mínima de dúas veces) que acrediten os seus coñecementos:

-Listening and Comprehension 10%

-Writing 20%

-Speaking 10%

-Grammar, exercises and vocabulary 60%

No caso da proba excepcional de Setembro, todos os estándares incluíránse nunha avaliación única puntuable de 0 a 10, ou de 0 a 100, coa necesidade de acadar alomenos un 45% da puntuación posible.

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Un dos aspectos que non podemos olvidar é avaliar a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación dos procesos de ensino e aprendizaxe é unha das funcións do profesorado. No Real Decreto 126/2014 que establece o currículo básico, figura no artigo 12.

Os profesores avaliarán tanto os aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que temos que establecer indicadores de logro nesta programación.

Para un desenrolo axeitado neste capítulo, é necesario ter en conta unha serie de indicadores de logro, que servirán para comprobar o funcionamento desta programación e avaliar a nosa propia actuación como docentes: diseñar un *procedimiento axeitado para recoller os datos* correspondentes que nos permiten avaliar as nosas actuacións e propoñer e incorporar *as medidas de millora* que poidan ser necesarias. Isto é, debemos reflexionar e facer propostas sobre estes aspectos que relato a continuación:

- Indicadores de logro
- Instrumentos de recollida de datos: cuestionarios, rúbrica, enquisas aos alumnos, etc.
- Medidas de millora

En realidade, os indicadores de logro son unha serie de *preguntas que nos deben servir para reflexionar sobre a nosa actuación* docente cos alumnos e, fundamentalmente, os aspectos recollidos na programación.

- sobre os materiais empregados: permiten a manipulación, son accesibles para os alumnos, atractivos, suficientes...
- se a planificación foi axeitada: número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para os alumnos, significatividade para o seu proceso de aprendizaxe, basadas nos intereses propios dos alumnos, con obxectivos ben definidos, propostas de aprendizaxe colaborativo...
- se soupemos motivar aos alumnos, despertar a súa curiosidade, crear conflitos cognitivos, colocalos na súa zona de desenrolo próximo e ofrecerlles a axuda axeitada para facerlles progresar no desenrolo dos seus esquemas cognitivos, se todos participan activamente acadaron o nivel máximo de desenrolo...
- Se se tivo en conta a participación das familias, as medidas da atención a diversidade necesarias, o uso das TIC, se se podería enfocar a unidade doutro xeito, se se engadiron os temas transversais, actividades de carácter interdisciplinar...

Hai moitos aspectos que podemos analizar da nosa práctica docente e da nosa programación. Na medida que poidamos facer este análise de forma reflexiva e con capacidade de autocrítica, convertírase nunha ferramenta de millora contínua que, despois de todo, e a súa principal finalidade.

Para sistematizar o traballos, podemos establecer unha serie de ámbitos o dimensións a avaliar e elaboraremos indicadores para cada ún deles.

DIVERSIDADE

- Segundo as características do alumno o alumna, éxito nos diferentes resultados
- Por norma, dou explicacións xenerais
- Ofrézcolle a cada un dos alumnos unha explicación individual que precisa
- Teño en conta a diversidade a hora de facer unha programación
- Tanto nas actividades como nos exámenes, realizamos exercicios máis sinxelos ou complicados que outros.
- Emprego diferentes ferramentas de avaliación
- ¿Temos en conta a diversidade a hora de organizar a clase, dividir aos alumnos e alumnas en grupos, etc.?
- ¿Os temas que tratamos teñen interese para os alumnos?
- ¿Qué fago para coñecer as características da clase?

-Proba inicial ao comezo do curso

-Ler informes de cursos anteriores

-Ao remate de cada avaliación, percátome das necesidades de millora en canto as diferentes necesidades do grupo

-O xefe de estudos e o titor ou titora deben aportar a documentación necesaria

- Nas reunións de grupo e avaliación debo recoller a maior parte de información dispoñible.

PROGRAMACIÓN

- Distribución coherente dos contidos
- Consultar a programación ao longo do curso escolar
- Análizo ao longo do ano as competencias básicas e fundamentais na programación da asignatura
- Teño claras as ferramentas de avaliación que emprego segundo as competencias
- Teño en conta o entorno a hora de facer a programación
- Dou a coñecer a programación aos alumnos, engadindo obxectivos, criterios de avaliación, metodoloxía, etc.
- Introduzco na programación ao longo do curso os proxectos presentados polos alumnos
- Fago a programación pensando en traballar as competencias
- Teño unha sola programación durante o curso ou máis, se é necesario
- ¿Teño en conta o libro de texto a hora de facer a programación?

- ¿Coincide a programación co que facemos na clase?
- Comparo a asignatura con outras da mesma área para coñecela e reforzala
- No caso de vir un suplente, éste atopara toda a información necesaria na programación,
- incluíndo obxectivos, competencias, temporalización, criterios de avaliación, secuenciación,
- actividades complementarias, medidas de atención a diversidade,etc.

INSTRUMENTOS DE RECOLLIDA DE DATOS

En función dos aspectos que esta programación recolle para avaliar e dos datos que se necesita obter, teremos que empregar uns instrumentos máis axeitados que outros.

Empregaremos:

- Follas de rexistro donde anotar os aspectos máis cuantificables
- Diario de aula, para recoller situacións acontecidas na aula para a súa posterior reflexión.
- Cuestionarios ou enquisas, para a cumplimentación por parte dos alumnos
- Rúbrica de autoavaliación. Facilita cuantificar o grado de consecución de aspectos concretos
- Analizar os resultados de aprendizaxe dos nosos alumnos

En función do que queramos valorar, elixiremos o instrumento máis útil. O noso obxectivo e que os alumnos consigan os obxectivos da etapa. Por tanto, analizaremos coas nosas propostas medidas, intervencións, recursos, materiais,etc. se se consiguen os mencionados obxectivos. Debemos facer disto a nosa prioridade.

Actividades na aula		1	2	3	4
1	Os alumnos e alumnas traballan do seguinte xeito na miña clase				
	-De xeito individual				
	-Por parellas				
	-En grupos reducidos				
	-En grupos grandes				
2	Os exercicios propostos son do seguinte tipo				
	-pechados, collidos do libro, etc.				
	-abertos, procedimentais, diversos, proxectos,etc.				
	-facilitan o traballo cooperativo				
3	Na metodoloxía que emprego				
	-Ferramentas TIC				
	-Propoño actividades para facilitar o aprendizaxe autónomo				
	- Básome nas explicacións teóricas e no libro				
4	Como paso as horas lectivas (promedio)				
	-conseguindo o silencio				
	-impartindo teoría e explicacións				
	-respondendo preguntas, comentando a participación, desenrolando prácticas,e tc.				
	-Observando				
	-Correxindo aos alumnos individualmente				

MEDIDAS DE MELLORA

A avaliación debe empregarse como instrumento de millora. Os datos deben ser útiles para identificar áreas de millora, que nos permitan introducir cambios na nosa programación didáctica para adaptala as necesidades dos alumnos.

A avaliación non se debe reservar para o final, debe servirnos para tomar conciencia dos puntos débiles dos alumnos e do noso exercicio como docentes ou da nosa programación didáctica. Debemos facelo en momentos concretos do curso; por exemplo ao remate de cada unidade didáctica mirando os aspectos que foron difíciles para os alumnos, a necesidade de implementar actividades de reforzo ou ampliación, etc. Tamén pódese facer ao remate dun plan lector, dun trimestre, etc.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL. MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

1. Porque esta AVALIACIÓN INICIAL?

A avaliación representa un dos alicerces nos que se sustenta a proposta de cambio educativo que se emprendeu coa aprobación da LOGSE. No marco desa proposta, a avaliación concíbese como unha acción que se estende máis aló da medición de resultados, posto que inclúe no seu campo de acción, ademais da análise e valoración dos logros alcanzados, a reflexión sobre o modo en que se desenvolven os procesos que conducen a eles, o coñecemento das causas que poidan estar facilitando ou dificultando eses procesos, e a procura de estratexias que axuden a melloralos.

Esa procura de estratexias para a mellora que debe partir da análise dos resultados alcanzados e do coñecemento de porqué e como estes se alcanzan, constitúe o motivo que fai da avaliación un elemento clave para conseguir unha educación de calidade. Debemos avaliar para mellorar os resultados da actividade educativa e non como foi habitual ata agora para sancionar, certificar, clasificar ou seleccionar aos alumnos en función deses resultados. Isto supón que a avaliación debe ser considerada como unha parte integrante do proceso educativo, cunha función basicamente orientadora e de control da calidade de todas as accións que se emprenden dentro do mesmo.

Neste sentido estas probas de avaliación inicial pretenden ser o punto de partida desta nova concepción da avaliación onde os resultados non sexan só unha nota que cualifique ao alumnado, senón que sexa toda a proba un instrumento de diagnóstico para unha posterior intervención. Esta proba é un estudo minucioso dos alumnos para detectar as dificultades de aprendizaxe e constatar en que aspectos do currículo fallan non só algúns alumnos, senón aulas e ciclos completos. Posteriormente, e a partir dos datos obtidos, o Centro poderá montar o reforzo educativo e programas o proceso de ensino-aprendizaxe de todo o curso.

Para rematar, a avaliación inicial é unha parte do desenvolvemento da avaliación continua, completándose esta con a avaliación do proceso e a avaliación final das aprendizaxes alcanzadas. Estas dúas avaliacións (do proceso e final) deben ser obxecto de estudo en cursos posteriores.

2.- Cales son os OBXECTIVOS que nos marcamos?

- a. Detectar as características que un aula ou a maioría dos seus alumnos teñen ao comezar o curso nalgún contido na área de lingua inglesa.
- b. Saber que alumnos teñen dificultades de aprendizaxe desde principio de curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con estes alumnos.
- c. Coñecer as peculiaridades de todo un curso, ciclo, colexio ou de toda a localidade para implantar programas preventivos e diminuír os problemas de aprendizaxe.
- d. Informar aos pais sobre o situación inicial dos seus fillos para implicar á familia no proceso educativo.
- e. Enlazar as aprendizaxes dos alumnos na etapa de educación infantil cos que se necesitan ao comezo da etapa primaria.

3.- A quen vai destinada?

A todos os alumnos escolarizados nos niveis de 6º de Educación Primaria, ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Adultos

4.- Cales son as ACTUACIÓNS/ACTIVIDADES a realizar?

a. Deseño das probas

Realizáronse partindo das Probas elaboradas pola Xunta de Galicia e co asesoramiento do Equipo de Orientación Educativa

b. Diagnóstico Global.

A aplicación levarase a cabo en todos os centros educativos cuxos titores así deséxeno. Será o profesor-titor o que a aplique (co asesoramiento dos xefes de estudos de cada centro) a todos os seus alumnos. Sempre que se poida buscarase a colaboración de profesorado que pase as probas en todos os centross para conseguir unha maior obxectividade.

c. Corrección e recolleita de resultados

O titor (ou persoa que se designe) corruxirá as probas aplicadas e reflectiraas nos persoais correspondentes onde quedarán os resultados de todos os alumnos. Daqueles alumnos que non superen a media, o titor reenchirá unha ficha por alumno de ATENCIÓN Á DIVERSIDADE e de INFORMACIÓN AOS PAIS, onde quedarán reflectidos os aspectos máis destacados do alumno baixo o criterio do titor.

O Orientador de referencia xunto co Xefe de Estudos e o profesor de Pedagogía Terapéutica asesorarán a estes na corrección das probas e aportarán a súa opinión.

Os titores darán unha copia da planilla de resultados ao Xefe de Estudos, así como de todas as fichas de atención á diversidade e de información aos pais unha vez asinadas polos mesmos.

d. Análise dos resultados

No mes de outubro e en reunións analizaranse os resultados das probas iniciais con indicación de cal é a problemática común a estes alumnos, e ofrecerlles solucións que teñan en conta, en primeiro lugar, o seu propio proxecto e materiais curriculares.

Nos casos que así o requiran propoñeranse cambios organizativos (por ex. agrupamentos flexibles) ou materiais curriculares alternativos e marcaranse os diferentes apoios de que dispoña o Centro.

e. Diagnóstico individual

Naqueles casos que así o requiran por tratarse de alumnos cunha problemática especial realizarase unha avaliación individual

f. Orientacións

Daranse orientacións para o tratamento dos alumnos anteriormente citados e asesoramiento á familia nos casos que así o requiran.

En reunións cos profesores afectados para o tratamento destes alumnos daranse as orientacións con respecto a tempo de atención polos distintos profesores ou especialistas, modificacións no currículo e utilización de instrumentos ou materiais distintos aos de aula.

g. Seguimiento

Fixarase un calendario de reunións entre profesores e especialistas implicados, tanto para o asesoramiento como para o tratamento individualizado dos alumnos que así o requiran. Os instrumentos fundamentais para o seguimento serán: a observación, informes de profesores e especialistas, cuestionarios e entrevistas.

5.- Cando se APLICAN As PROBAS?

Estas probas aplicaranse entre a última semana de setembro e a primeira de outubro, estando os resultados en poder do Xefe de Estudos na segunda semana de outubro para realizar as reunións e establecer as estratexias oportunas.

6.- Que SEGUIMIENTO temos que realizar?

O centro realiza unha primeira reunión para analizar os datos obtidos de cada un dos cursos.

Posteriormente decide as estratexias a levar a cabo en función das fichas de atención á diversidade (elaboradas polos profesores). Para rematar realízase unha avaliación destas fichas acordándose a continuación da mesma ou as modificacións pertinentes.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL.

Un dos elementos que máis promovía a LOE e segue promovendo con LOMCE é a *atención para a diversidade*. É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxetivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de formas diferentes das actividades propostas no libro do alumno e no caderno. Os profesores deben escoller a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras e deberán ser consciente en tódolos momentos destas diferenzas, non só na hora de avaliar, senón tamén na hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ofreceranse actividades de reforzo e extensión que permiten dar una atención individualizada aos alumnos segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe. No noso proxecto inclúense ideas en tódalas leccións para que o profesor responda as diversas situacións que xurdan na aula.

No material destinado ao profesor, o *Teacher's Guide* e o *Teacher's Resource CD-ROM* se propoñen actividades de extensión e ampliación para os alumnos así como notas para o profesor, consellos didácticos, para afrontar diferentes expectativas do alumnado.

Criterios e procedementos previstos para realizar las adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais

As adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Apoio dentro da aula por mestres especialistas, persoal complementario ou outro persoal.
3. Metodoloxía máis personalizada.

4. Accesibilidade dos elementos do currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais.
5. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
6. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
7. Adaptacións curriculares significativas dos elementos do currículo.
8. Aumentar a atención orientadora.
9. Atención educativa ó alumnado por situacións persoais de hospitalización ou de convalecencia domiciliaria.
10. Enriquecemento curricular.
11. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación de seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.

c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: se adoptarán tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou en materiais considerados como tais.

Cando as adaptacións non són o suficiente temos a diversificación curricular, por meio do cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo en outro tipo de actividades educativas, ben como as ofertas en espazos opcionais, ben como actividades deseñadas especialmente para el/ela, que poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO

O noso proxecto incorpora e desenvolve o conxunto de elementos transversais recollidos pola LOMCE e polo Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como é de esperar, na materia da lingua inglesa se traballan principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC a través de:

- O uso en tódalas leccións para a presentación da gramática a través dunha animación, a práctica do vocabulario e gramática; o soporte adicional como preparación para as actividades de listening, speaking e writing; visualización dos vídeos nos xogos para consolidar os contidos.
- Recursos na **web** con práctica interactiva, védeo, material de audio, etc.
- O uso dunha aplicación, **VOC App**, para practicar o vocabulario nun smart phone.
- A versión dos libros dixitais
- A consolidación da aprendizaxe a través das actividades interactivas dos vídeos
- O uso das **TIC** para presentación dos proxectos ó finalizar as unidades

O emprendemento tamén se traballa xa que o método axuda ós alumnos a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real, a través, por exemplo, de:

- Actividades de produción oral permiten ós alumnos expresar a súa opinión persoal, escoitar a outros alumnos e os fai reflexionar, por exemplo, sobre considerar outras ideas.
- Os proxectos, ó finalizar as unidades, supoñen un reto para o alumno en canto a traballo colaborativo en grupos, aplicar os seus coñecementos fóra da aula, organizarse e presentar as súas ideas, desenvolver a negociación, planificar, tomar decisións, etc.

Fomentamos tamén a **educación cívica e constitucional** en cada curso, xa que se aprende sobre un tema nun contexto social e histórico e se fomenta o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario:

- Diferentes tipos de familias e fogares arredor do mundo.
- Ecoloxía e diferentes estilos de vida; festivais no mundo.
- Diferentes colexios no mundo.
- Recadar diñeiro para obras de caridade.
- Diferentes actitudes ante a comida no mundo; normas no fogar.
- Comparar a moda actual coa do pasado.
- Diferentes estilos de vida en cidades do mundo; cambios sociais e históricos; escriben sobre unha persoa que admiran.
- Expresar a súa opinión sobre o impacto das tecnoloxías.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Se a actual situación o permitira, prantexariamos varias opcións:

-Asistencia a obras de teatro adaptadas aos niveis dos alumnos que desexen asistir.

-Obra de teatro en inglés para alumnos do primeiro ciclo da ESO e de 3º de ESO (curso aínda sen determinar) ao longo do curso 2020/2021.

As actividades pódense incrementar ao longo do curso dacordo coas propostas dos membros do Departamento ou da Dirección do centro (intercambios educativos, excursións, etc...)

-Posible excursión académica a unha cidade de fala inglesa (previsiblemente, Londres) para alumnos de 4º de ESO.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A avaliación non solo afecta aos procesos de aprendizaxe do alumnado senon tamén ao resto dos elementos implicados no proceso de ensino, ao profesor e mesmo ao deseño curricular, e avalíanse os obxectivos, contidos, competencias clave, metodoloxía, recursos organizativos e materiais e o propio sistema de avaliación. Neste sentido, aos datos aportados pola avaliación continua dos alumnos, semella necesario incorporar información sobre a idoneidade dos distintos compoñentes da programación.

A investigación e avaliación educativa e a avaliación de programas optou nas últimas décadas por enfoques globais e integradores orientados á mellora, que avalan a necesidade de avaliar tanto o produto como a planificación do programa, a súa aplicación e impacto (Scriven, 1973; Stufflebeam e Shinkfield, 1987; Pérez Juste, 1995, 2006; Bausela, 2003; Tejada, 2004; Reboloso *et al* 2008; Pérez Llantada *et al.*, 2009)

Dende unha perspectiva ampla, a avaliación da propia programación podría presentar tres momentos diferenciados:

a. A comprobación de que a planificación fíxose correctamente e concretáronse as unidades de programación con todos os elementos curriculares prescriptivos engadidos.

b. O segundo momento alude á reorientación continua derivada da aplicación na aula da programación didáctica. O docente, en coordinación co equipo didáctico, e dentro dos órganos de coordinación docente, analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto específico do grupo-clase. A partir de dito análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren oportunas. As opinións do alumnado a través das súas autoavaliacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para a valoración máis participativa e compartida do proceso de ensino-aprendizaxe.

c. Finalmente, trala aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva completárase cos resultados das avaliacións interna e externa do alumnado.

A conxunción dos tres momentos xenera suficiente información fiable e válida para emitir xuízos de valor que den soporte a función formativa da avaliación, e permitan, se fose necesario, reconducir e mellorar as programacións, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

Así, na nosa programación deben aparecer:

- O instrumento de avaliación e os seus indicadores de logro.
- A autoavaliación da propia programación didáctica, o seu proceso de aplicación e os resultados obtidos
- Tralo proceso de autoavaliación, deberase definir un plan de mellora vinculado aos indicadores que obtiveron as puntuacións máis baixas no instrumento de avaliación, perseguindo mellorar os resultados académicos do alumno.

Formato de autoavaliación da programación didáctica:

Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación propostos ao alumnado					
Preséntase dende a área estratexias para a animación á lectura e o desenrolo da comprensión oral e escrita					
Consideración das medidas para incorporar as Tic aos procesos de ensino e aprendizaxe					
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didácticos, agrupamento do alumnado, etc.					
Vinculación das unidades de programación con situacións reais, significativas, funcionais e motivantes para o alumnado					
Identifícase en cada instrumento de avaliación a súa vinculación cos estándares de aprendizaxe					
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados					
Os estándares imprescindibles están identificados nas diferentes unidades de programación e instrumentos de avaliación diversos					
Información as familias e o alumnado dos estándares de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e estándares imprescindibles					
Análise técnico-normativo dos recursos didácticos, incluídos materiais curriculares e libros de texto para o alumnado					
Análise de resultados das avaliacións iniciais					
Coordinación entre o equipo didáctico					
Coordinación do profesorado a nivel vertical					
Tratamento dos temas transversais nas diferentes unidades					

da programación					
Identificación das medidas complementarias que se plantexan para o tratamento da materia dentro do proxecto bilingüe do centro					
Actividades extraescolares e complementarias					

LENDAS DA ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Nos se logran os mínimos aceptables e necesita unha mellora sustancial
	Insuficiente	1	Omite elementos fundamentais do indicador establecido
	Básico	2	Cumprimento suficiente do indicador establecido
	Competente	3	Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico do indicador establecido
	Excelente	4	Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas. Predisposición a servir de modelo a outros centros

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	0	1	2	3	4
Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación coas distintas unidades de programación					
Definíronse os indicadores de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe					
Determináronse os estándares de aprendizaxe imprescindibles					
Asociáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os instrumentos de avaliación e os indicadores de logro					
Diseñouse a avaliación inicial e analizáronse os seus resultados					
Medidas de atención a diversidade relacionadas con grupos específicos de alumnos: Tivéronse en conta medidas xerais de intervención educativa con grupos específicos de alumnos					
Medidas de atención a diversidade relacionadas con grupos específicos de alumnos: Contempláronse as medidas específicas de intervención educativa propostas para os alumnos con necesidade específica de apoio educativo					
Medidas de atención a diversidade relacionadas con grupos específicos de alumnos: Realizouse adaptación curricular significativa de áreas ou materias a alumnos que tiveran autorizada a devandita medida específica extraordinaria					
Medidas de atención a diversidade relacionadas con grupos específicos de alumnos: Fíxose unha aceleración parcial de áreas ou materias aos alumnos que tiveran autorizada a devandita medida específica extraordinaria					
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado vinculado aos estándares de aprendizaxe					

PROXECTO LINGÜÍSTICO:

INTRODUCCIÓN

Segundo exige o Decreto 124/2007 (DOG 29/06/07) desenvolvemos a continuación os catro puntos do PLC que, con carácter anual, determinará o uso e promoción do galego no sistema educativo do centro.

A comisión encargada da elaboración do presente proxecto está integrada por:

DIRECTOR/A

COORDINADOR/A

XEFES/AS DEPARTAMENTOS LINGUAS

I.-LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS, MATERIAS, MÓDULOS OU ÁMBITOS DE COÑECEMENTO:

O decreto 79/2010, composto de 23 artigos, cinco disposicións adicionais, dous transitorias, dous finais e unha derogatoria, recolle algúns cambios con respecto ao proxecto entregado ao Consello Consultivo de Galicia.

No caso de secundaria, as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia; Ciencias da Natureza; e Bioloxía e Xeoloxía, impartiranse en galego; mentres que Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química serán en castelán.

Cada catro anos, os centros educativos decidirán a lingua en que se impartirán o resto" de materias, "garantindo que as materias en galego e en castelán distribúense na mesma porcentaxe das horas semanais". En bacharelato e formación profesional, pola súa banda, o centro encargárase de garantir a oferta equilibrada en ambos os dous idiomas.

II. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO. BREVE ANÁLISE

SOCIOLINGÜÍSTICA:

O CPI Cernadas de Castro atópase nun contexto rural dentro dun concello de arredor de 3.500 habitantes.

O centro recibe numeroso alumnado da viciña vila de Noia e outras vilas menores e mesmo entornos rurais que son os que presentan un uso máis frecuente, se non habitual, da nosa língua.

Non se observan actitudes belixerantes cara o galego nin por parte de alumnos/as, profesorado nin PAS. Os non galego-falantes dentro destes dous últimos grupos están perfectamente integrados dentro do

contexto totalmente galeguizado no que se traballa no centro, mesmo o profesorado de procedencia non galega.

Todo o labor administrativo de comunicados internos e de comunicacións externas con pais/nais, entidades, asociacións, institucións...realízase sempre en galego, que tal como figura no PEC: “ é a lingua vehicular do centro”

Polo tanto o noso labor centrarase máis na normativización da lingua (evitar as interferencias do castelán ou a mestura entre as dúas linguas, a guerra ao castrapo) e a normalización da nosa cultura, que en fomentar o uso normal do galego, traballo que consideramos xa realizado polo propio alumnado e por un amplo sector do profesorado.

O ENDL debe tamén fomentar entre eles o amor e o respecto pola súa propia lingua, a través da prestixiación da mesma mediante o seu uso correcto.

III. MEDIDAS ADOPTADAS PARA MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.

1. **Expresar oralmente e por escrito as propias ideas, experiencias e sentimentos, de forma fluída, logo dunha sinxela planificación, mantendo a atención do destinatario.** Os alumnos/as han ser quen de producir enunciados/textos que transmitan unha determinada información cun ton de voz axeitado, cun léxico preciso, con coherencia.

De feito, unha das actividades do ENDL ten que ver coa creación de contacontos e monólogos

2. **Participar en conversas, debates, dramatizacións, recitacións, narracións, entrevistas... respectando as características propias destes intercambios comunicativos ou deste tipo de textos, e as regras sociais de cortesía.** Os alumnos/as han ter interese por este tipo de actividades e por mellorar a súa expresión a través da creación, da interpretación e do uso das normas de cortesía social (non interromper, pedir a vez, xesticular adecuadamente, ...)
3. **Realizar actividades que permitan adquirir algunhas técnicas que melloren o traballo escolar e poidan servir na vida cotiá.** O alumno/a ha amosar interese na práctica de técnicas variadas que lle permitan xerar ideas, relacionalas e desnvolverlas tendo en conta o tempo, o tema, o lugar, o tipo de interlocutores, a intencionalidade comunicativa, ...
4. **Reflexionar sobre os enunciados que pretendan manipular a información ou que presenten algún tipo de discriminación oou degradación de persoas.** Os alumnos/as han captar as intencións comunicativas dun enunciado/texto que ten como finalidade actuar sobre a conduta do destinatario e han manter unha

actitude crítica ante este tipo de enunciados/textos.

5. **Poñer en práctica diversas estratexias para corrixir e autocorrixir os enunciados/textos que conteñan algún tipo de erro.** Os alumnos/as han ser quen de identificar e corrixir erros (de dicción, de coherencia, gramaticais, ...) .

A maior parte destas medidas figuran como obxectivos das materias de lingua,tanto galega,castelá,inglesa e francesa.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO

O departamento de inglés fará público aos alumnos/as os contidos mínimos dos diferentes cursos, os criterios de cualificación necesarios para superala asignatura, así como as datas das diversas probas da asignatura pendente e o seu desenrolo.

Ao longo do ano, buscará o xeito de axudar aos alumnos/as coa materia pendente a realizar actividades na procura dunha melloría que lles permita acadar os obxectivos mínimos.

Aplicaránse horas de reforzo no primeiro ciclo da ESO e traballo cos alumnos por parte do xefe de departamento en horas extraescolares solventando as dúbidas dos alumnos/as ao longo do curso.

Esta información farase pública na páxina empregada como aula virtual no centro, así como nas pertinentes comunicacións nos taboeiros de anuncios. Comunicarase tamén de forma oral ao longo do ano académico.

ANEXO I: RÚBRICA DE AVALIACIÓN POR ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

A modo de rúbrica para avaliar os estándares de aprendizaxe en cada unidade, inclúese un cadro modelo, que se pode utilizar para cada unha das unidades do método, e que se deberá cubrir indicando a actividade concreta da unidade que avalía cada estándar de aprendizaxe, o nivel de adquisición e o instrumento para avaliar que se empregou.

Os estándares de aprendizaxe agrupáronse nos catro bloques lingüísticos (comprensión oral, produción oral, comprensión escrita e produción escrita). Os instrumentos para avaliar e os niveis de adquisición que se especificaron son os máis xerais, pero cada profesor/a pode ter as súas propias necesidades e adaptará o cadro segundo conveña.

Estándares de aprendizaxe	Actividades para avaliar*	Instrumento para avaliar				Nivel de adquisición		
		Proba escrita	Proba oral	Portfolio	Outros	Conséguo	Non o conseguí totalmente	Conséguo con dificultade
BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS								
	1. Capta os puntos principais e detalles relevantes de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de modo lento e claro, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.							
	2. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas.							
	3. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversación formal ou informal, entre dous ou máis interlocutores, que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulta coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.							
	4. Comprende, nunha conversación informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o que xa dixo.							
	5. Comprende, nunha conversación formal ou entrevista na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicíbeis relacionados cos mesmos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.							
	6. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas							

principais e a información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese.

7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articulados con lentitude e claridade cando as imaxes axudan á comprensión.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

1. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou ocupación, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas.

2. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

3. Participa en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

4. Toma parte nunha conversación formal, reunión ou entrevista de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o precisa.

BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade.

2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de Internet, formulados de modo simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, académico e ocupacional.

3. Comprende correspondencia persoal en calquera formato, para falar dun mesmo; describir persoas, obxectos e lugares; narrar acontecementos pasados, presentes e futuros,

reais ou imaxinarios, e expresar sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

4. Entende o esencial de correspondencia formal na que é informado sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional.

5. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves, en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos vehiculan gran parte da mensaxe.

6. Entende información específica esencial en páxinas Web e outros materiais de referencia ou consulta, claramente estruturados, sobre temas relativos a materias académicas, asuntos ocupacionais, ou do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.

7. Comprende o esencial de historias de ficción breves e ben estruturadas e faise unha idea do carácter dos distintos personaxes, das súas relacións e do argumento.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións.

2. Escribe notas e mensaxes nas que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.

3. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta.

4. Escribe informes moi breves en formato convencional, con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos académico e ocupacional, describindo de modo sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.

5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, intercámbiase información, descríbense en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais; danse instrucións, fanse e acéptanse ofrecementos e suxestións, e exprésanse opinións de modo sinxelo.

6. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de modo sinxelo e observando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos.

ANEXO II: RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS E COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS

Estándares de aprendizaxe e actividades específicas na unidade	Niveis de adquisición				Instrumentos de avaliación			
	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente	Observación	Proba escrita	Proba oral	Outros
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS								
PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo).								
PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.								
PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).								
PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.								
PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.								
PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.								
PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiás ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.								
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: PRODUCCIÓN E INTERACCIÓN								
PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.								
PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.								

PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.									
PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).									
PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.									
PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.									
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS									
PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).									
PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou da Internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.									
PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe.									
PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.									
PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.									
PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).									
PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.									
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS									
PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.									
PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.									

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).									
PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.									
PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.									
PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.									
PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.									
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONCIENCIA INTERCULTURAL									
PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.									
PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.									
PLEB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.									
PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.									
PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.									
PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquiridonoutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.									
PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).									
PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes eculturas, amosando respecto perante as diferenzas.									

PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.							
--	--	--	--	--	--	--	--

ANEXO III: PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES DE LOGRO

AVALIACIÓN XERAL

INDICADORES DE LOGRO - COMPETENCIAS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN						NIVEIS DE CUALIFICACIÓN								
	Observación	Proba escrita	Proba oral	Caderno de	Portfolio	(Outros)	N	S	U	I	E	N	T	S	B
COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA															
ESCOITAR															
Recoñece e lembra as palabras clave dunha exposición oral dun tema específico coñecido.															
Comprende a idea xeral de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala despacio e con claridade.															
Comprende a información específica máis relevante de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala despacio e con claridade.															
FALAR															
Reproduce a pronunciación, ritmo e acentuación da lingua estranxeira.															
Produce un discurso comprensible e axeitado á intención de comunicación.															
Produce textos cohesionados e coherentes.															
CONVERSAR															
Reproduce as fórmulas habituais e culturais que se empregan na comunicación interpersonal na aula.															
Comunícase oralmente participando en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente.															
Interactúa oralmente na lingua estranxeira co profesorado ou cos compañeiros sobre temas de interese persoal e tarefas da clase															
LER															
Recoñece a idea xeral de textos escritos axeitados á idade, co apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.															

INDICADORES DE LOGRO - COMPETENCIAS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN						NIVEIS DE CUALIFICACIÓN								
	Observación	Proba escrita	Proba oral	Caderno de	Portfolio	(Outros)	N	S	U	I	E	N	T	S	B
							Non conseguido	Conseguido con nivel baixo	Conseguido con nivel medio	Conseguido con nivel alto	Conseguido totalmente				
Extrae información específica de textos escritos axeitados á idade, co apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.															
Le textos de certa extensión axeitados á súa idade, intereses e nivel de competencia coa axuda de dicionarios.															
ESCRIBIR															
Escribe palabras respectando as regras de ortografía.															
Escribe frases coa orde sintagmática correcta.															
Redacta textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico axeitados, así como algúns elementos básicos de cohesión, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.															
COMPETENCIA MATEMÁTICA, CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA															
Coñece, utiliza e relaciona os números na lingua estranxeira.															
Obtén información de forma empírica.															
Resolve encrucillados, crebacabezas ou soupas de letras.															
Mostra interese por coñecer algúns elementos culturais ou xeográficos.															
COMPETENCIA DIXITAL															
Obtén información relevante na Internet ou noutros soportes sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados.															
Usa de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación.															
APRENDER A APRENDER															
Utiliza o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de aprendizaxe.															
Aplica os coñecementos do sistema lingüístico específicos da lingua estranxeira (fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais) para que as producións de textos orais sexan correctas.															

INDICADORES DE LOGRO - COMPETENCIAS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN						NIVEIS DE CUALIFICACIÓN				
	Observación	Proba escrita	Proba oral	Caderno de	Portfolio	(Outros)	Non conseguido	Conseguido con nivel baixo	Conseguido con nivel medio	Conseguido con nivel alto	Conseguido totalmente
Identifica e xestiona algunhas estratexias utilizadas e materiais ofrecidos polo libro de texto para progresar na aprendizaxe.											
COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS											
Demostra interese por outras culturas.											
Relaciona a cultura da lingua estranxeira coa súa propia.											
Acepta e practica as normas de convivencia establecidas.											
Traballa en parellas e grupos aceptando o seu papel neses agrupamentos.											
SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR											
Utiliza o coñecemento dalgunos aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección das producións propias e para comprender mellos as alleas.											
Utiliza procesos de autoavaliación.											
Utiliza as estratexias para facilitar a continuidade da comunicación.											
Comunícase oralmente participando en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente.											
CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI											
Identifica algúns elementos culturais propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira.											
Demostra valores de iniciativa, creatividade e imaxinación.											
Aprecia, goza e participa nas actividades relacionadas coas biografías de personaxes famosos e interesantes para a súa idade.											

Domingo López Caamaño

Lousame, 08 de outubro de 2021